

### INFORMACIÓN BÁSICA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Delegado de Protección de Datos: Norquality Consultores. Conservación dos datos: mentres se manteña vixente a prestación do servizo, sen prexuízo dos prazos legais, ou mentres non revoque o seu consentimento nin se dea de baixa das comunicacións. Perfís: poderán elaborarse perfís de forma non automatizada. Cesións: non se realizarán cesións de datos, agás as previstas legalmente, e no caso de que se teña autorizado a publicación da súa imaxe. Transferencias internacionais de Datos: non están previstas, agás se se ten autorizado a publicación da súa imaxe en redes sociais. Devandita publicación pode comprender transferencias a países non adecuados en materia de protección de datos persoais. En caso de conflito ou dúbidas no tratamento dos seus datos, consulte co noso Delegado de Protección de Datos en [protecciondedatos@norquality.es](mailto:protecciondedatos@norquality.es) Pode recurrir ante a Autoridade de Control [www.aepd.es](http://www.aepd.es)

### NORMAS DE CARÁCTER ADMINISTRATIVO

**CONDICIÓN DE SOCIO:** coa condición de abonado tense dereito de acceso e goce sen restrición horaria á piscina climatizada, sauna, sala de fitness con asistencia técnica e as actividades dirixidas ofertadas que non sexan Club. Ademais os abonados terán prezos bonificados nos servizos complementarios como cursos, adestramentos persoais ou campamentos infantís. Requisitos para adquirir a condición de socio: cumprimentar todos os datos da folla de inscrición e achegar orixinais do DNI, nº de conta bancaria (ten que aparecer o nome dos titulares da conta), e en caso de abono familiar calquera documento legal que acredite a condición de parentesco. Para as parellas de feito é imprescindible que presenten o certificado de convivencia ou equivalente expedido polo Concello.

**ASISTENTES CURSOS:** teñen esta condición, aquelas persoas rexistradas nalgún curso ou escola. Unicamente poderán facer uso das instalacións durante o tempo que dura a sesión.

Requisitos para adquirir a condición de asistente curso: cumprimentar todos os datos da folla de inscrición e achegar orixinais do DNI e nº de conta bancaria con identificación do titular.

**ENTRADAS LIBRES:** entradas puntuais ao centro. Os beneficiarios das entradas libres poderán utilizar a piscina e sala fitness durante unha hora a partir do momento da entrada ao centro pero non poderán asistir ás actividades dirixidas. Requisitos para adquirir unha entrada libre: por motivos de seguridade, poderase pedir aos usuarios, ao comprar unha entrada, que presenten o seu DNI ou calquera outra documentación acreditativa da idade. O persoal da instalación poderá denegar o acceso se o usuario se negase a amosar a devandita documentación.

**SOLICITUDE DE BAIXA:** Para formalizar a baixa, deberase notificar por escrito (na recepción do centro ou ben por correo electrónico a [atelleira@beone.es](mailto:atelleira@beone.es)) antes do día 20 do mes anterior ao que se queira causar baixa.

**SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO (CURSOS OU TIPO DE ABONO):** a solicitude deberá presentarse por escrito na recepción do centro, preferentemente antes do día 20 do mes anterior.

**SISTEMA ACCESO AO CENTRO:** o acceso ao centro realizarase de forma exclusiva mediante código QR. Para iso será necesaria a descarga e instalación da APP BeOne Pass no dispositivo do usuario. Para menores de 14 e maiores de 64 anos o sistema de acceso ao centro será mediante pulseira. O uso da pulseira será necesario, en todos os casos, para a validación das reservas de actividades dirixidas. A renovación por mal uso ou por perda da pulseira terá un custo non reembolsable en ningún caso. O uso incorrecto ou fraudulento da mesma pode implicar a súa retirada e a perda da condición de abonado e/ou cursillista. O uso incorrecto ou fraudulento conleva sanción directa que supón a retirada da pulseira durante un mes, no que non poderá facer uso dos servizos contratados.

**MATRÍCULA:** todos os abonados estarán obrigados a facer o pago en efectivo dunha matrícula no momento en que se dan de alta agás se se acollen a algunha promoción de exención de pago da devandita matrícula. A duración desta cota, de carácter irrecuperable, será desde a data de formalización da inscrición ata a data do mes en que o socio cause baixa.

**FORMA DE PAGO:** a matrícula e a primeira cota deberán pagarse en efectivo ou con tarxeta na recepción no momento da inscrición. Os seguintes pagos faranse por domiciliación bancaria ou tarxeta de crédito/débito a partir do día 20 do mes anterior.

**DEVOLUCIÓNS BANCARIAS DO RECIBO OU DO PAGO RECURRENTE DE TARXETA DE CRÉDITO OU DÉBITO:** no caso de que se devolva o recibo da mensalidade polo banco ou o cobro da tarxeta por parte da entidade emisora, aplicarase un recargo por devolución e o/a usuario terá un prazo de 2 días, a partir da data de aviso por parte do centro, para realizar o pago do recibo na recepción do centro. De non cumprirse o prazo establecido, o/a usuario perderá a praza (se é cursillista) ou os dereitos de abono, incluíndo o dereito de matrícula. A Dirección do centro resérvase o dereito de anulala condición de abonado dun titular se os recibidos domiciliados ou dos pagos por tarxeta de crédito ou débito son devoltos pola entidade bancaria, ou a entidade emisora da tarxeta, ao expendedor de maneira reiterada.

**SOLICITUDE DE FACTURA:** Segundo o R.D. 1619/2012 (BOE 30 de Novembro de 2012) As facturas deberán ser expedidas no momento de realizarse a operación. Non obstante, cando o destinatario da operación sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, as facturas deberán expedirse antes do día

16 do mes seguinte a aquel no que se teña producido o devengo da Tasa correspondente á citada operación.

**COTA MENSUAL:** A cota mensual inclúe os períodos de peche por motivos técnicos ou regramentarios, por días festivos ou datas especiais nas que o centro non abre, sen que exista obrigación por parte da empresa a descontar o importe correspondente a ese período.

**OUTRAS DIRECTRICES:** Para axilizar os trámites administrativos sempre que un usuario queira realizar cambios nos seus datos persoais (dirección, teléfono, datos bancarios, etc.), deberá notificalos persoalmente ou por escrito na recepción do Centro.

### NORMAS BÁSICAS DE USO DA INSTALACIÓN

Respectar os horarios e espazos destinados ás diferentes actividades.

Está totalmente prohibido fumar en todo o centro (Real Decreto 192/1988, art.7). É obrigatorio seguir as indicacións do persoal do centro en todo momento, así como manter un comportamento correcto tanto co persoal como cos usuarios do centro.

O centro non se fai responsable da perda, cambio, furto ou deterioro de pezas e obxectos depositados nos vestiarios e/ou armarios de uso gratuíto.

O incumprimento das normas xerais de uso das instalacións e daqueloutras normas particulares e instrucións que dite o centro a través do seu persoal poderá supoñer a expulsión do centro ou a perda da condición de socio.

O centro posúe un seguro que cobre a responsabilidade civil derivada da súa actividade.

Está prohibida a entrada á instalación de animais de compañía, salvo cans guía ou de asistencia.

Está expresamente prohibido tomar fotos e usar teléfonos móbiles con cámara nos vestiarios, tanto para nenos como para adultos. Pódense tomar fotografías persoais (selfies) no resto das instalacións, respectando sempre a privacidade dos demais usuarios, especialmente dos menores, polo que deben asegurarse de que non aparezan outros usuarios na imaxe. A toma de fotografías é para uso privado, polo que a divulgación en redes sociais de imaxes nas que aparezan outros usuarios requirirá o seu consentimento, e quen a tome ou divulgue é responsable de obtelo.

O usuario deberá abandonar os espazos de uso 15 minutos antes do horario de peche co obxecto de respectar os horarios establecidos.

O persoal do centro está autorizado pola dirección do centro para facer cumprir e respectar a normativa vixente.

Deberanse respectar os equipamentos e os espazos. O feito de realizar un mal uso e ocasionar deliberadamente ou negligentemente danos na instalación e/ou o material, poderá implicar a obrigación de reposición dos mesmos e unha sanción para determinar pola dirección.

Para que a Dirección considere a aceptación dunha solicitude de inscrición como usuari@ do centro e para que chegue a ser e continúe sendo membro, o/a usuari@ acepta que nin o centro nin o seu persoal serán responsables de ningunha perda, dano, furto ou roubo de calquera dos bens pertencentes aos usuarios, salvo que sexa por causa dunha negligencia do centro; nin o centro nin o seu persoal serán responsables das mortes, danos persoais ou lesións que se poidan producir nas instalacións ou como resultado da utilización destas e/ou dos equipos dispostos, salvo que se produza por calquera acto de negligencia ou omisión por parte do centro e do seu persoal.

O horario e calendario de apertura ao público estarán expostos na entrada do centro.

O/a usuari@ comprométese a respectar a normativa de réxime interno do centro.

### NORMATIVA DE USO DAS INSTALACIONES

#### **VESTIARIOS:**

Hai que utilizar chancletas de baño tanto nos vestiarios e duchas como no corredor de "pés limpos" e en todo o recinto de piscinas.

Por razóns de hixiene, hai que utilizar unha toalla para sentar nos bancos.

Non está permitido tirar botellas e outros envases ao chan.

Non se pode comer nin fumar no vestiario.

Está prohibido afeitarse ou depilarse no vestiario.

A dirección da instalación non se fai responsable dos obxectos perdidos ou esquecidos no vestiario.

Os nenos de 6 anos e menores poderán utilizar indistintamente calquera vestiario en función do sexo das persoas que o acompañen.

Non se lles permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que non vaian facer uso da instalación, con excepción dos acompañantes dos cursillistas que pola súa idade ou condición non sexan capaces de espirse e vestirse con autonomía.

#### **DUCHAS:**

Hai que ducharse o tempo estritamente necesario. Non malgastedes auga; é un ben escaso e necesario.

Está prohibido utilizar botellas e outros envases de vidro.

#### **ARMARIOS:**

Todos os usuarios poden gozar de armarios de uso puntual.

Soamente se permite o uso dun armario por persoa.

Hai que gardar todas as pertenzas persoais dentro dos mesmos.

Os armarios son de uso puntual e tense que deixar libres unha vez finalizada a sesión; no caso de que queden ocupados ao finalizar a xornada, dispoñerese da maneira que proceda para deixalos libres.

#### **PISCINA e SAUNA:**

É IMPRESCINDIBLE

Ducharse antes de entrar á auga.

## NORMAS DE UTILIZACIÓN Y FUNCIONAMIENTO



Utilizar bañador, gorro e zapatillas de goma /chancletas.

Os menores de 12 anos deberán ir acompañados por un adulto que se faga responsable en todo momento. Se o menor ten entre 12 e 16 anos débese realizar proba de autonomía do medio acuático e contar coa autorización do pai/nai/titor para a utilización deste espazo sen supervisión por parte dun adulto.

Ter 16 anos para acceder ao recinto de spa.

O material só poderase usar nos cursos ou con autorización expresa do persoal da instalación.

Respectar os espazos destinados para cada actividade e nadar sempre pola dereita.

Sigue as indicacións e consellos dos técnicos e socorristas.

### É RECOMENDABLE

Utilizar toallas ou albornoz na zona de piscinas.

Devolver o material prestado ao seu lugar.

### NON ESTÁ PERMITIDO

Entrar con calzado e roupa de rúa ou deportiva.

Correr pola praia de piscina.

Utilizar os trampolíns salvo en competicións.

Utilizar xabóns, cremas, aceites ou produtos similares.

Acceder á piscina e zona de augas en caso de ter infeccións de pel, feridas superficiais e/ou enfermidades infectocontagiosas.

Levar mochila de deporte, utilizar botellas, vasos ou recipientes de vidro dentro do recinto de piscinas.

Comer, fumar, nin entrar con bebidas ao recinto.

Saltar ou lanzarse á auga.

### **SALA FITNESS e ACTIVIDADES:**

Non está permitido o uso de sala fitness aos menores de 14 anos. Os menores de 14 anos non poderán utilizar a sala de actividades dirixidas, excepto para aquelas actividades programadas especificamente para este tipo de abonado..

O horario das actividades dirixidas estará ao dispor dos usuarios na aplicación BeOne.

A reserva de actividades pódese realizar desde 24h e ata 10min antes do inicio destas.

Só se podera acceder á sala de actividades dirixidas previa validación de reserva. Existe un límite de 1 reserva por persoa, sen validar, nun mesmo día natural.

A reserva de actividades pode ser cancelada ata 60 min antes do inicio da mesma.

No caso de non poder acudir recoméndase cancelar a reserva, xa que, se se acumulan 2 reservas sen asistir nunha semana natural, penalizarase non podéndose realizar ningunha reserva durante 7 días.

As salas estarán pechadas durante as horas nas que non haxa actividade.

### É IMPRESCINDIBLE

Utilizar roupa e calzado deportivo que non se utilizou na rúa (obrigatoriamente de sola branca).

Levar toalla para utilizar nas máquinas e aparellos de sala Fitness ou para exercicios que se fagan en colchón.

Facer un correcto uso das máquinas e dos pesos. En caso de dúbida, consultade ao técnico.

Acudir á sesión con puntualidade non permitíndose a incorporación cinco minutos despois de iniciarse a mesma. Respetar o aforo máximo de cada unha das clases.

Colocar o material no seu lugar correspondente unha vez utilizado.

### É RECOMENDABLE

Utilizar sala fitness baixo a supervisión técnica dun especialista.

Hidratarse convenientemente antes, durante e despois da realización da sesión.

Solicitar asistencia en caso de presentar síntomas de mareo ou malestar xeneralizado.

Ceder a máquina a outro usuario nas pausas de recuperación entre series.

Utilizar pulsómetro para asegurarse o control da intensidade do esforzo durante o exercicio.

Respetar as fases de quecemento ao comezo de sesión e estiramientos ao final da mesma.

### NON ESTÁ PERMITIDO

Inxerir alimentos nas salas ou usar botellas ou recipientes de vidro.

Entrar con bolsas de deporte.

Entrar e estar co torso descuberto, mollado, vestido de rúa ou con calzado inadecuado.